

REPASO LINGUA 1º TRIMESTRE

Escolle e marca a opción correcta.

- As palabras parónimas...

☐ teñen un significado semellante.

☐ seméllanse na forma ou na pronuncia.

- As palabras onomatopeicas...

☐ significan 'ruído'.

☐ imitan determinados sons.

- O eufemismo de *vellez* é...

☐ *terceira idade*.

☐ *avó*.



Completa as definicións coas seguintes palabras.

indefinidos

numerais

ordinais

cardinais

- As palabras que indican cantidade ou orde de forma precisa chámanse _____
- Os _____ indican cantidade exacta.
- Os _____ indican o lugar exacto que ocupa un ser ou un obxecto nun grupo.
- As palabras que indican cantidade ou identifican algo ou alguén de forma imprecisa son os _____

Completa coas letras maiúsculas e minúsculas que faltan.

___arí vive en ___ureNSE. ___ seu libro preferido
é ___axe á Lúa. ___s seus amigos son ___artiño
e ___laudia. ___odos van ao mesmo ___olexio.

Completa co tipo de palabras correspondentes a cada definición.

- Palabras que se semellan tanto que se poden confundir. ► _____
- Palabras ofensivas ou pouco elegantes que se tende a substituír. ► _____
- Palabras non ofensivas que substitúen as palabras tabú. ► _____
- Palabras que se forman por imitación dalgúns sons. ► _____

Contesta. Que teñen en común estas palabras?

- *Tromba / trompa* teñen en común que son palabras _____
- *Bisbar, croar e bear* teñen en común que son palabras _____
- *Papaventos e crebacabezas* teñen en común que son _____